


*¡Que bo é
o Pan que Ti nos das,
agasallo do teu amor, Xesús!
¡Que bo é
o Pan que Ti nos das,
o Pan sabroso que es Ti mesmo*



XESÚS É O PAN DE VIDA

7.1



*Ti aliméntanos.
Xa podemos camiñar*




XESÚS É PAN QUE NOS ALIMENTA

Das seguintes frases subliña as que son verdadeiras:

RECIBIMOS A XESÚS, O PAN DE VIDA PARA

- * ser fortes como cristiáns
- * que nos vexan os outros
- * vivir e medrar como fillos de Deus
- * ser capaces de dicir sempre "SI" a Xesús
- * facer coma os demais
- * sentirnos unidos coma irmáns



Antes de comulgar, os cristiáns dicimos esta oración:

Señor:
 eu non son merecente
 de que entres
 no meu fogar,
 mais
 unha palabra túa
 abonda
 para me salvar.

PARA RECORDAR

- * ¿COMO SE PREPARA O CRISTIÁN PARA A COMUNIÓN?
 O cristián prepárase para a Comunión procurando que o seu corazón estea en amizade e gracia de Deus e reconciliado cos seus irmáns.
 Se non fose así, necesitaría recibir antes o Sacramento da Penitencia.